

O PP de Ames reclama un contrato temporal para garantir a continuidade do servizo deportivo da Telleira.

- Os populares advirten da proximidade do remate da actual concesión e piden unha solución transitoria que evite calquera interrupción do servizo

Ames, 16 de xuño de 2026.- O Grupo Municipal do Partido Popular de Ames presentou unha moción para o seu debate no Pleno na que insta ao goberno local a adoptar de maneira inmediata as medidas necesarias para garantir a continuidade do servizo deportivo que se presta nas instalacións municipais da Telleira, evitando situacións de incerteza que poidan afectar tanto ás persoas usuarias como aos traballadores vinculados a este servizo público esencial.

A actual concesión da Telleira foi adxudicada no ano 2006 e, desde entón, foi obxecto de catro prórrogas sucesivas. A última delas remata o próximo 9 de setembro de 2026, o que obriga ao Concello a adoptar unha solución que permita asegurar a continuidade do servizo mentres se tramita a futura concesión das instalacións deportivas municipais.

Desde o PP de Ames lembran que a Telleira leva preto de dúas décadas prestando servizo aos veciños e veciñas do municipio, converténdose nunha infraestrutura deportiva de referencia e desempeñando un papel fundamental na práctica deportiva, na conciliación familiar e na vida social de centos de persoas.

Os populares advirten de que a preparación da futura concesión require a elaboración de informes técnicos, económicos e administrativos complexos, así como a redacción dos pregos e a tramitación dos procedementos de contratación correspondentes. Por iso, consideran necesario actuar con previsión para evitar que os prazos administrativos poidan xerar situacións de incerteza sobre a continuidade do servizo.

“O importante é que os usuarios teñan a certeza de que o servizo non se vai interromper nin un só día”, sinalan desde a formación popular. “A poucos meses do remate da actual prórroga, é necesario ofrecer garantías e planificar con responsabilidade a transición cara ao futuro modelo de xestión”.

A moción presentada solicita ao goberno municipal que inicie de inmediato os trámites necesarios para licitar un contrato ponte específico e temporal, ou adoptar a fórmula legal máis axeitada, que permita asegurar a continuidade do servizo deportivo da Telleira ata a resolución definitiva da futura concesión.



Ademais, reclama que se promovan espazos de diálogo e participación cos usuarios, entidades afectadas e traballadores vinculados ao servizo para informar sobre a evolución do proceso e o futuro modelo deportivo municipal.

Desde o Partido Popular conclúen que a prioridade debe ser preservar a estabilidade dun servizo público esencial, ofrecendo seguridade ás persoas usuarias e evitando que os posibles atrasos administrativos poidan traducirse en prexuízos para a veciñanza.